

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/17/2020	GOB14I07G
2M5B1F1Z0J3T4R1H0AE9	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEÚN DE MAIO DE DOUS MIL VINTE

**SRES/AS ASISTENTES:**

**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**  
MARIÁN FERREIRO DÍAZ

**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**  
D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO  
D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ  
D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO  
D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY  
D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL  
D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA  
D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**  
D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ

**SR. SECRETARIO XERAL:**  
D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteún de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INCREMENTO DA OFERTA PÚBLICA PARA O**

**ANO 2020 (OPE 2020).**- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe proposto emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A tal respecto se formula o seguinte INFORME PROPOSTA:

#### **A) ANTECEDENTES**

- Con data 30 de xaneiro de 2020, o concello pleno aprobou a oferta pública de emprego para o ano 2020.
- A referida oferta foi publicada no BOP nº 24 de 5 de febreiro do ano que corre.

- O policía local, código de praza 2213005, se xubilará durante o ano 2020 anticipadamente.

## **B) NORMATIVA APLICABLE**

- ✓ Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. (en adiante LBRL)
- ✓ Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- ✓ Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público ( en adiante LRXSP)
- ✓ Real Decreto LeXislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público. ( en adiante TREBEP)
- ✓ Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública ( no non derogado pola Lei 7/2007)
- ✓ Real Decreto LeXislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- ✓ Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- ✓ RD 861/1986, de 25 de abril, que establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local
- ✓ Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo (BOE N° 74 de 26 de marzo de 2018)
- ✓ Regulamento da relación de Postos de Traballo do Concello de Narón, aprobada polo Concello Pleno de data 28 de xaneiro de 2011
- ✓ Regulamento de axudas sociais do persoal municipal do Concello de Narón de aprobado polo Concello Pleno de data 29 de outubro de 2015 (bop da Coruña nº 244 de 22 de decembro 2015 ) corrección de erros Concello Pleno de data 30 de decembro
- ✓ Regulamento que establece os criterios xerais de reparto do complemento de produtividade do persoal ao servizo do concello de narón aprobado polo Concello Pleno de 27 de decembro de 2019 (bop da Coruña n. 36 de 20 de febreiro 2019 )
- ✓ Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para 2018

### ***Postos de policía a raíz da aprobación da Real Decreto 1449/2018 de 14 de decembre, en relación coa lei 6/2018***

*A Disposición adicional centésima sesaxésima quinta da LPGE 2018 “ Taxa adicional de reposición da policía local.*

*Adicionalmente ao previsto no artigo 19 desta Lei, e co fin de garantir o exercicio das funcións das Administracións Públicas en materia de seguridade e orde pública, no caso de que en aplicación do establecido no artigo 206.1 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social prodúzase o anticipo de idade de xubilación dos policías locais, as Entidades Locais poderán dispoñer durante 2018, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevexan neste exercicio e no exercicio 2019 como consecuencia de devandito adianto da idade de xubilación. Esta taxa adicional se descontará da que puidese corresponder nos exercicios 2019 e 2020”.*

*Aprobada a norma que establece a posibilidade de xubilación anticipada dos policías locais, e que se recolle na Disposición adicional centésima sesaxésima sexta da LPGE 2018, neste*



Concello o policía local que ten solicitada a súa xubilación anticipada durante 2020 , o que xenerará unha taxa de reposicion adicional de 1 praza de policía :

2213005	Policia local	C1	AE/ policia local
---------	---------------	----	-------------------

## C) CONSIDERACIÓNS

Vistas as necesidades de recursos humanos resultantes da plantilla de policía local, que deben de ser provistas mediante a incorporación de persoal de nuevo ingreso formando, polo tanto, parte da oferta de emprego público para o exercicio 2.020 que se inclúe a seguinte praza de policía local a ofertar:

Nº PRAZAS	GRUPO	DENOMINACIÓN	CODIGO PLAZA	
1	C1	Policía Local	2113005	P.Libre

Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para aprobar a oferta de emprego público, por delegación da alcaldía, aprobada polo concello pleno en data 28 de setembro de 2.017.

## D) INFORME PROPOSTA

A Xefe de Sección que suscribe, propón ao concelleiro delegado de persoal eleve á aprobación da Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.**- Aprobar o incremento da oferta de emprego público para o ano 2.020, co seguinte detalle:

Nº PRAZAS	GRUPO	DENOMINACIÓN
1	C1	Policía Local

**SEGUNDO.**- De conformidade co preceptuado no apartado 1 in fine do artigo [70 do Estatuto Básico do Empregado Público e 48.4 da Lei 2/2015](#), de Emprego Público de Galicia, o prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos será de tres anos, a contar dende o seguinte día ao de publicación da OPE no BOP.”

Intervido e conforme en data 13.05.2020, documento INT14I09J, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: Aprobala proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta

**3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA MELLORA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA PARA O PROGRAMA "EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO FORMAL".**-Dase conta da seguinte resolución da Alcaldía: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Mellora da solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o programa de “Educación para a igualdade no proceso educativo formal” da área IV do plan municipal de igualdade, ( aprobado en Xunta de Goberno Local de 27/02/2020).*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*Tendo en conta a declaración do estado de alarma mediante Real decreto 463/2020 , de 14 de marzo de 2020, a cal motivou o confinamento e unha serie de limitacións e peche de actividades de grupo, entre as cales, se encontran as actividades de conciliación incluídas no programa para o que se solicitou cofinanciamento.*

*Logo de ver o comunicado informativo de data 08/05/2020 da Secretaria Xeral de Igualdade, que permite a modificación ou mellora da solicitude de subvención para o programa referenciado no primeiro parágrafo, o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora unha nova memoria xustificativa para mellora da solicitude.*

*Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aprobación e mellora das solicitudes de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente por existir data límite de presentación da modificación da solicitude (20/05/2020).*

*Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).*

*En aplicación do anterior, corresponde á Alcaldesa a avocación da delegación para dar conta da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- *Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, aprobación Texto refundido (TRRL)*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da enetrada en vigor da Lei 27/2003.*
- *Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.*
- *Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público.*
- *Resolución de 19 de decembro de 2019 da Consellería de presidencia pola que se establecen as bases da convocatoria de subvención.*



- Xunta de Goberno Local de 27 de febreiro de 2020 na que se aproba a solicitude de subvención
- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor

*POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA:*

*1º-Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para presentar a mellora da solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o programa de “Educación para a igualdade no proceso educativo formal” da área IV do plan municipal de igualdade,*

*2ºSolicitar a mellora da solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o programa de “Educación para a igualdade no proceso educativo formal” da área IV do plan municipal de igualdade. O cadro de financiamento da nova memoria para a mellora da solicitude de subvención queda do seguinte xeito :*

<i>Importe total do programa</i>	<i>8.342,00€</i>
<i>Achega do Concello</i>	<i>342,00€</i>
<i>Achega da Consellería</i>	<i>8.000,00€</i>

*3ºO importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3341 22799*

*4º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no referente a esta solicitude de subvención.*

*5º Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local.”*

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal con data 14-05-2020(ICO14I048), o documento (SSO14I186) do expediente MOC/2/2020, documentos contables RC 20200000029 e 22020000030, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos,  
**RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POLA TAXA POR OCUPACIÓN DE SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA DO ANO 2020 POR CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E MAQUINAS EXPENDEDORAS DE COMIDAS E BEBIDAS.**- Vista a proposta formulada que di así: O artigo 6 da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, do ano 2020, no cadro de tarifas: artigo 6, puntos 1.7 e 1.8 establece:

<b>Por instalación e ano</b>		<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
1.7	OVP con caixeiros automáticos, instalados con fronte directa á vía pública, en liña coa fachada	342,01 €	342,01 €	342,01 €

1.8	OVP por aparatos de venda automática, fotografía ou similares instalados con fronte directa á vía pública, en liña coa fachada. (Cando a OVP sexa con ocupación do chan público verase incrementado nun 50%)	342,01 €	342,01 €	342,01 €
-----	--	----------	----------	----------

A Policía Local xirou visita de inspección e como consecuencia emitiu un informe no que se relacionan os caixeiros automáticos e máquinas expendedoras de venda automática instaladas neste término municipal.

Á vista do informe emitido pola Policía Local, e do informe-proposta emitido polo xefe do Servizo Municipal de Intervención e Facenda, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o padrón fiscal pola taxa por ocupación de subsolo, solo e voo da vía pública do ano 2020, por caixeiros automáticos e máquinas expendedoras de comidas e bebidas, cun total de 9 contribuintes e un importe de 3.078,09 €.

CONTRIBUINTE	ENDEREZO NOTIFICACION	SITUACION	CIF	TAXA
EURO AUTOMATIC CASH, ENTIDAD DE PAGO	C/ABELIAS Nº 1- MADRID	R/25 DE XULLO 1	B-86828845	342,01 €
EURO AUTOMATIC CASH, ENTIDAD DE PAGO	C/ABELIAS Nº 1- MADRID	ESTDA CASTELA, 104	B-86828845	342,01 €
BANCO SABADELL-GALEGO	ESTDA CASTELA 270	ESTDA CASTELA 270	A-08000143	342,01 €
BANCO SANTANDER	ESTDA CASTELA, 417	ESTDA CASTELA 417	A39000013	342,01 €
BANCO SANTANDER	ESTDA CASTELA 107	ESTDA CASTELA 107	A-39000013	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	AVDA SANTA ICIA 103	A-70302039	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	AVDA SANTA ICIA 103	A-70302039	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	R/25 DE XULLO	A-70302039	342,01 €
CAIXABANK	ESTDA CASTELA, 124	ESTDA CASTELA, 124	A-08663619	342,01 €
CAIXABANK	RUA VIGO 28	RUA VIGO, 28	A-08663619	342,01 €

**Segundo.-** De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza Fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto ao público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses, e comprenderá dende o 05-06-2020 ata o 05-08-2020, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Terceiro.-** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

**Cuarto.-** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Quinto.-** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Pastor, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, andar 4º do Concello, ata o 03-08-2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Sexto.-** Os días de ingreso serán os días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo. - MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo. - ALONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI